

Xornadas de léxico matemático

Presentación

Estas Xornadas aspiran a ser un lugar de encontro de xentes interesadas no uso da nosa lingua nas matemáticas, para intercambiar experiencias e puntos de vista, para saber de nós e, idealmente, ir tecendo uns medios que permitan a colaboración regular neste terreo.

A Facultade de Matemáticas vén esforzándose desde hai un tempo en facer agromar algúns destes medios, e estas Xornadas queren tamén servir de escaparate para difundilos e dinamizalos.

Entre estes medios contamos coa *rolda de léxico*, o concurso de vídeos *Explicóche matemáticas 2.0* e a nova iniciativa sobre *Galipedia*, que pode axudar a visualizar as matemáticas en galego.

Esperamos que esta iniciativa, que ten vocación de continuidade, marque un fito relevante na normalización da expresión matemática na nosa lingua.

Comisión de Normalización Lingüística
Facultade de Matemáticas

Programa

Martes, 5 de novembro

18:00	Apertura
18:15	Presentación da rolda de léxico lexi_ga_math@listas.usc.es Xosé M. Masa (CNL da Facultade)
18:30	Conferencia: <i>A problemática da fixación do léxico científico</i> Xusto Rodríguez, SNL da USC Escaseza de textos, apreciación subxectiva ou valor emocional da linguaxe, opcións diversas versus unificación, instalación no español,... Presenta: E. Vázquez Cendón (CNL)
	Descanso
19:45	Presentación da iniciativa sobre Galipedia
20:00	Mesa Redonda <i>Léxico matemático nos textos e nas aulas universitarias</i> Celso Rodríguez (USC), Ana Gloria Rodríguez Alonso (Filóloga), Iván Area (UVigo), Miguel Brozos (UDC), Marcos Vilas (USC) Modera: Manuel Bermúdez (SNL USC)

Mércores, 6 de novembro

18:00	Presentación: <i>Explicóche matemáticas 2.0</i> Rosa Crujeiras, Vicedecana da Facultade Concurso de vídeos de 2 minutos de duración, sobre algún concepto ou resultado matemático.
18:15	Conferencia: <i>O léxico científico nos dicionarios galegos</i> Ernesto González Seoane, ILGA Dificultades, ausencias notables, tratamento dado, corrección das definicións, estratexias a seguir para mellorar,... Presenta: X. M. Masa (CNL)
	Descanso
19:45	Mesa Redonda <i>O galego das matemáticas elementais</i> Pila García Agra (Agapema), Cibrán Arxibai (IES Silleda), Sandra Sambade (IES Monte da Vila, O Grove), Luis Cachafeiro (IES Pontepedriña) Modera: Patricia Arias Chachero (Prof. Lingua, IES de Vilagarcía)
20:45	Clausura